

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A TESOUREIRIA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, O INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA, EN MATERIA ESTATÍSTICA

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), o Instituto Social da Mariña (ISM) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), conscientes da importancia de manter e reforzar as relacións de cooperación e o intercambio de información, subscribiron o 3 de xaneiro de 2011 un convenio de colaboración.

A experiencia adquirida na execución deste convenio aconsella continuar cooperando, toda vez que o Estado ten competencia exclusiva sobre estatísticas para fins estatais (artigo 149.1.31 da Constitución) e a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva sobre as estatística para fins autonómicos (artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía).

Pola súa parte, a Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia, establece no seus artigos 39.1 e 39.3 como funcións do IGE a de dirixir e coordinar a actividade estatística da Comunidade Autónoma e a de realizar as estatísticas que se lle encomenden no Plan Galego de Estatística e nos seus programas anuais, así como as que se establezan mediante convenios con outros organismos estatísticos.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un novo convenio de colaboración entre as tres entidades, coa finalidade de establecer un sistema estable e periódico de intercambio de información para aproveitar con fins estatísticos a información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación, competencia da TXSS.

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración.



- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación Secretaria Xeral

Mónica Martínez Otero

Rosa Elvira Fernández González

